



Celestino Pérez Recarey

A arte de acadar consensos

Texto: Gema Borrajo
Fotografía: Fernando Bellas

A súa vida profesional repátese entre o labor de mestre e a experiencia como director. Nos dous ámbitos deu sobradas probas do valor que lle atribúe ás persoas, o que lle valen o respecto e o aprezo dos compañeiros e de todos os rapaces que pasaron polas súas aulas. Como director, hai que destacar a súa habilidade para aglutinar nun mesmo proxecto os puntos de vista máis dispares e os sentimentos máis encontrados. Hoxe, xa jubilado, segue achegado a súa experiencia como presidente do Foro Europeo de Administradores da Educación.



Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. A súa vida profesional repátese entre o labor de mestre e a experiencia como director. Nos dous ámbitos deu sobradas probas do valor que lle atribúe ás persoas, o que lle valen o respecto e o aprezo dos compañeiros e de todos os rapaces que pasaron polas súas aulas. Como director, hai que destacar a súa habilidade para aglutinar nun mesmo proxecto os puntos de vista máis dispares e os sentimentos máis encontrados. Hoxe, xa jubilado, segue achegado a súa experiencia como presidente do Foro Europeo de Administradores da Educación.

A jubilación supuxo para el o inicio de unha nova etapa de expectativas e ilusións, como presidente do Foro Europeo de Administradores da Educación, unha sede de profesionais que promove a creación de coñecemento, a reflexión e produción de significados compartidos, e a esperanza de que outra educación é posible. Foron moitos os que viron nel a persoa idónea para liderar este proxecto, pola súa experiencia en temas de organización eestión, carácter áxil e gran capacidade de traballo. Pasaron preto de dous anos á súa dirección e o seu nomeamento e, ata hoxe, non defraudou a ningún. A súa entrega e habilidade para sumar esforzos avalan, unha vez máis, a súa competencia para conducir unha empresa destas características.

Tampouco perdeu o contacto coa formación permanente, agora como relator externo, en actividades organizadas polos Centros de Formación e Recursos (CFR) da Coruña, Santiago e Lugo. "É unha actividade que me gusta, especialmente polo contacto co profesorado e por seguir vinculado a estes semellos nos que pasei tantos anos".

Os seus inicios

Celestino Pérez Recarey nace no ano 1943 en Lérez, pequena parroquia do concello de Pontevedra, na que se celebra a romaría de San Benito, "o do oño redondo". Di con orgullo que nacul lugar, preto da cidade, hai un mosteiro no que "exerceron como docentes persoaxes tan importantes como Frei Benito Jerónimo Feijoo ou Frei Martín Sarmiento".

A primeira escola á que asiste é a da Porta do Sol de Lérez. "Daquela etapa teño na miña memoria a agradable lembranza de don Xoaquín, un mestre de extraordinarias calidades humanas". Despois de pasar por outros dous colexios da zona, ingresa no Instituto Masculino de Pontevedra, hoxe denominado IES Valle Inclán. Conía o ano 1953. Polas aulas deste emblemático centro pasan importantes profesores da vida académica e cultural da época. Recoñece a sorte e o privilexio que supuxo para el "asistir ás clases de linguas clásicas con José Fernando Filgueira Valverde, daquela director do instituto e alcalde da cidade". Nese ambiente tamén descobre o gusto polas matemáticas da man de José de Unamuno, fillo do insigne escritor, que máis adiante, en cuarto de bacharelato, lle vale unha matrícula de honra.

Ao rematar a ensinanza media, o seu desexo é ir a Vigo para facer perfaxe industrial. Pero son tempos de poucas oportunidades e a familia non dispón de recursos suficientes para mantelo fóra da casa, polo que, en 1953, ingresa na Escola de Maxisterio. Rematará os seus estudos nos tres anos que dura a carreira, a pesar de que durante ese tempo compaxina as clases co traballo. Dese período recorda con admiración a profesores, como Alfredo García Alén, Antonio Maceda, José Araújo ou Ascensión Catón. Ese mesmo ano alistouse voluntario no servizo militar e, a un tempo, prepara oposicións, que supera antes de rematar o período castrense.


Primeiros destinos

En 1965 estreaase como mestre na Escola Nacional da Picota, no concello de Mazariños. Un dos alumnos desta época describe así a súa experiencia.

Lembro aquel primeiro día que fun á escola. Andaría polos seis anos. Eu lle chorando e meu pai, detrás de min, débame cun vibrio moi fino nas pernas para que camiñase lixeiro, como se fose un ranchoño para vender na feira. Ao chegar, vin que o mestre non era don José, o que lles aprendera o ano pasado que, meus irmáns. Antón non estaba un home novo que non coñecía. Cando me viu coas baguillas nos ollos e ao meu pai co vibrio na man, díxolles: "Esta non é maneira de traer o rapaz á escola". Meu pai marchou, non sei se avergoado ou aliviado, e eu, cullido agora da man do mestre, pero sen deixar de chorar, entrei no recinto. Todos os nenos estaban sentados en dúas filas moi grandes, os máis pequenos diante e os maiores detrás. Aquel día non me mandou facer nada, díxome apenas que andase pola escola e que mirase o que facían os demais.


Despois presentouse como o novo mestre. Díxonos que se chamaba Celestino (non quería que lle chamásemos don Celestino coma a don José). Á hora de marchar, déunos unha nota para entregarllela aos nosos pais. Nela díxase que había que deixar na casa as pizzas e os pizarrinos e, no seu lugar, os máis pequenos debían levar un caderno de dobre pauta e un lapic e, os maiores, un normal e un bolígrafo. Aquel ano desapareceon as pizzas da escola.

O novo mestre tiña unha maneira especial de ensinar: cando lle tocaba de estar cos máis pequenos nos aulos, un a un, como había que facer as cousas e despois deixábanos que os maiores nos axudasen. Entremetidos lle atendían os do medio. Creo que aprendín máis do que me axudaron os maiores que do que me dicían el.




Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. En 1965 estreaase como mestre na Escola Nacional da Picota, no concello de Mazariños. Un dos alumnos desta época describe así a súa experiencia.

"Escollar e valorar as achegas de lodas e cada unha das persoas do grupo axuda á integración e ao respecto mutuo"



Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. En 1965 estreaase como mestre na Escola Nacional da Picota, no concello de Mazariños. Un dos alumnos desta época describe así a súa experiencia.

"A regra básica ante un conflito é sempre: primeiro escollar e despois escollar"



Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. En 1965 estreaase como mestre na Escola Nacional da Picota, no concello de Mazariños. Un dos alumnos desta época describe así a súa experiencia.

O segundo destino é na Escola Nacional de Patróns, no concello de Nigrán (Pontevedra). Neste caso, fala outro alumno do que el viu con este mestre:

A escola a onde la eu tiña catro aulas: dúas para as rapazas e dúas para os rapaces. Eu estaba na dos maiores, xa a punto de deixar os meus estudos primarios, pois era seguro que ao ano seguinte andaría co meu pai a aprender o oficio de carpinteiro.

Na clase dos pequenos, estaba D. Carlos e para a dos maiores chegou un mestre novo que se chamaba Celestino. Antes do Nadal, díxome que quería falar cos meus pais, tamén lle díxo a outros tres compañeiros da mesma idade. Nunca cheguei a saber o que se falou naquela conversa, pero o certo é, a partir daquela, todos os días quedábanos en casa unha hora máis na escola para preparar o ingreso no instituto, e estudar as materias de 1.º do bacharelato elemental.

Pasado o tempo, foi o propio mestre quen nos matriculou no centro de ensino medio. Cando chegou o día dos exames, el mesmo nos levou e nos esperou á saída para preguntarnos como nos fora. Aprobamos ingreso e primeiro, entre xuño e setembro. Ao ano seguinte, fomos ao instituto a cursar segundo. Se non fose por el, hoxe non tería unha carreira universitaria.

A experiencia cos xesuitas

No ano 1967, Pérez Recarey solicita unha excedencia para incorporarse ao colexio privado Santa María do Mar, da Coruña. Recoñece esta etapa como unha das máis frutíferas da súa vida profesional. "Alí recibín unha fonda formación sobre técnicas de programación, teoría, dinámica de grupos, entrevistas coas familias, avaliación etc. Madurei profesionalmente co docente, combinando a teoría adquirida coa súa aplicación na aula, e vivín moi de cerca a relación co resto de profesorado e coas familias". Tamén nese período acadou dúas especialidades: a de matemáticas, a través da UNED, e a de lingua galega, promovida por Política Lingüística.

Precisamente, será nese centro onde comece a dar as súas primeiras clases de galego, incluído antes de que se fixese oficial a súa implantación no sistema educativo. Entre as moitas anécdotas que lle acontecen nesa etapa, destaca a súa alumna que, pasado o tempo, se expresaba así:


Un día, ao comezo de curso, o noso titor díxonos que la haber unha clase de lingua galega á semana. A asistencia era voluntaria e podíase ir no canto da hora de estudo. Serían curiosidade por saber como sería aquilo, xa que era a primeira vez que se facía algo así no noso colexio e tampouco había libros de texto. Decidín ancome, en parte porque era unha maneira de librarme da hora de estudo, que non me gustaba nada.

Ao final, eramos moitos e moitas os que asistíamos e pasábamolo bastante ben, aínda que case sempre facíamos o mesmo. As máis das veces realizábamnos actividades orais e escritas arredor de textos moi bonitos sacados dun libro de Nera Vilas, titulado Memorias dun novo labrego. Despois de corrimos os exercicios entre todos, pasábamos a facer xogos de trabalinguas, de adiviñas e de refráns. Aínda recordo un xogo que consistía en ver quen aguantaba máis sen respirar durante: "Unha perra rabalunga puxo un ovo e revouo, puxo dous e revouo, puxo tres e revouo, puxo catro e revouo...".

Tamén había días que tiñamos que preparar un tema escollido por nós e expoñerllo ao resto da clase. Pasábamolo moi ben, mesmo facíamos debates sobre se falar galego era importante ou non.

Aquel ano, ao volver do colexio e chamar no portal para que me abrissen, sempre lle contestaba á miña nai en galego. Aos meus pais non lles parecía mal e a min gustábam. Ahí, esquecíame dicir que aquel profesor de galego se chamaba Celestino.

No ano 1995, reingresa no ensino público e incorpórase ao colexio de Portocabeallo, no concello de Redondela. Posteriormente, pasa polo Instituto de Formación Profesional de Carballo e máis tarde consegue destino definitivo no Colexio Público de Nétoma Raza, onde será director durante seis anos.



Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. No ano 1995, reingresa no ensino público e incorpórase ao colexio de Portocabeallo, no concello de Redondela. Posteriormente, pasa polo Instituto de Formación Profesional de Carballo e máis tarde consegue destino definitivo no Colexio Público de Nétoma Raza, onde será director durante seis anos.

As súas achegas á formación do profesorado

En setembro de 1992 accede por concurso público de méritos ao artigo Catcofog da Coruña. É faíno en calidade de asesor técnico pedagóxico de Lingua Galega, posto que desempeñará até o mes de febreiro de 1997. Nese momento, pasa a desempeñar a función de director, na que permanecerá ata a súa jubilación, en 2008.

Cando Celestino asume esta responsabilidade xa ten acumulada unha valiosa experiencia. Porén, será a súa especial maneira de ser a que lle imprimirá a súa pegada ao centro. Un ambiente de traballo, baseado nos consensos e nas boas relacións persoais, serán en todo momento os principios que orientarán as súas accións e axudaránlle a conseguir os seus obxectivos, que el sintetiza así:

Conseguir un equipo sólido e flexible

Cando chega á Dirección, existía unha configuración de asesorías por especialidades que, salvo en accións formativas puntuais, propiciaban pouco a relación entre os diferentes compoñentes do grupo. O seu primeiro punto de mira será lograr unha estrutura organizativa realista, eficaz e operativa, na que cada persoa teña o seu lugar e forme parte dun equipo que aínda non existe. Todos deberán traballar nun mesmo proxecto, mantendo vivo, mediante as adaptacións necesarias, o mellor día a día. A un tempo, pon especial cuidado en garantir a autonomía dos asesores. Co seu principio, "a máis autonomía, maior responsabilidade", confírelle ao centro un ambiente no que as urxencias virán dadas polo imperativo temporal, nunca por presión. Máis adiante, pon en marcha un plan de acollida para os asesores novos, co que trata de evitar que se produzan conflitos.

A comunicación como elemento clave

O diálogo irradiará a súa vida do centro. A súa intención é xerar unha estrutura que favoreza os intercambios e que se alimente das achegas de todos. Está convencido que esta é unha excelente fórmula para reforzar o equipo. Así xorden as comisións, como a de asesores, que trata de reestalar o plan de traballo trazado, ou a da revista *Enseño*, que nace coa intención de proxeccionar a imaxe do Centro de Formación e Recursos cara ao exterior e, a un tempo, evitar a que participen os profesores e profesoras do seu ámbito de acción.

Por outra banda, impulsa os pequenos grupos que xa existían cando se fai cargo da Dirección. É dicir, aqueles que tiñan un carácter máis puntual e se formaban arredor dunhas actividades que implicaba a máis dunha asesoría. E o caso dos encontros, das xornadas, ou dos que se formaban á hora de valorar algún proxecto.

As relacións humanas no centro da súa actividade

Afirma que para dirixir un equipo hai que querer e saber, sen esquecerse nunca do diálogo como elemento clave no traballo compartido. "O equipo compóñeno individuos, coas súas condicións, expectativas e, como non, tamén coas súas carencias".

Ao referirse a como estaban naquel momento a situación, asegura que "cumpría aglutinar esforzos", pero "a un tempo era necesario poñer en valor as capacidades individuais para conseguir que aflorase o mellor de cada un". Na súa conciencia, estará sempre a creenza de que o capital humano é o maior patrimonio do centro. Con esta idea como pano de fondo, tratará de evitar tensións, a base de coñecer moito as relacións entre os asesores. Asegura que "saber escollar e valorar as achegas de todas e cada unha das persoas axuda á integración e ao respecto mutuo".

Isto non significa que non tivese que resolver conflitos. "Dirixir un grupo humano non é tan sinxelo. Nun centro de profesores, o traballo móvese entre a complexidade das relacións humanas e os atrancos que aparecen no día a día. E isto non podemos obviarlo". Cando se lle pregunta como facía fronte a estas situacións, responde que "a intención substituír moitas veces as técnicas" e toda persoa que lidere un proxecto desta natureza debe contar coa súa propia filosofía no tema, pero a un tempo ha de estar acompañado de moito sentido común. Considera difícil xeneralizar a maneira de resolverlos porque, "dependendo das circunstancias nas que se producen, actuamos dunha maneira ou outra". Así, refírese que case sempre tiña presentes unhas premisas que resume así:

- Primeiro hai que ver se efectivamente se está ante unha situación conflíctua. Se é así, cómpre buscar a súa orixe, as causas, as persoas afectadas, as repercusións que ten na organización do equipo e nas estruturas do centro etc.
- Logo hai que tratar de describir o problema da maneira máis obxectiva posible, falar del ante os afectados para comprobar que se interpretou correctamente e, se non fose así, aclaralo e reafirmalo.
- A continuación, pedirlles que acheguen posibles solucións, mostrándollas receptivos a todas as propostas, aínda que non parezcan as máis axustadas. É dicir, tratar de que todos se sintan participes na súa solución. "A regra básica é sempre: primeiro escollar e despois escollar".

Nunca foi partidario de impoñer o seu criterio ante estas situacións. "Eu nunca ía a estes encontros coas mans baleiras, pero cando expuña a miña proposta sen escollar antes as persoas afectadas. E, por suposto, só a utilizaba se non había outras que fosen do agrado de todos". Inimigo declarado das votacións, das que sempre sae algunha persoa prejudicada, para el as solucións pasaban por esgotar todas as posibilidades até chegar a un consenso.

Ata tal punto valora as relacións humanas, que cando se lle pregunta cales foron o mellor e o peor momento vivido nesta etapa dá súa vida, responde: "No primeiro caso, unha xornada de reflexión con comida posterior, levada a cabo fóra da sede do centro de profesores". Explica que a combinación traballo-comunidade resultou tan gratificante e fecunda que ten a sensación de que saíron de alí "sendo un pouco máis colegas".

En canto á peor, non dubida en sinalar o día no que un asesor acolle moi mal a noticia de que non se lle renova a Comisión de Servizos. "Presenciar a derriba emocional dun compañeiro, ao que respecta e aprecias, resulta moi duro".

Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. En setembro de 1992 accede por concurso público de méritos ao artigo Catcofog da Coruña. É faíno en calidade de asesor técnico pedagóxico de Lingua Galega, posto que desempeñará até o mes de febreiro de 1997. Nese momento, pasa a desempeñar a función de director, na que permanecerá ata a súa jubilación, en 2008.

"Nun centro de profesores, o traballo móvese entre a complexidade das relacións humanas e os atrancos que aparecen no día a día"

Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. En setembro de 1992 accede por concurso público de méritos ao artigo Catcofog da Coruña. É faíno en calidade de asesor técnico pedagóxico de Lingua Galega, posto que desempeñará até o mes de febreiro de 1997. Nese momento, pasa a desempeñar a función de director, na que permanecerá ata a súa jubilación, en 2008.

"Hoxe, a escola segue unha clara tendencia a ser máis inclusiva"

"O profesorado é cada vez máis consciente de que a súa trabectoria profesional require dunha aprendizaxe permanente"

Unha fotografía de Celestino Pérez Recarey. En setembro de 1992 accede por concurso público de méritos ao artigo Catcofog da Coruña. É faíno en calidade de asesor técnico pedagóxico de Lingua Galega, posto que desempeñará até o mes de febreiro de 1997. Nese momento, pasa a desempeñar a función de director, na que permanecerá ata a súa jubilación, en 2008.

Tampouco se nunca, ou case nunca, coa participación. "Malia que é de educación unha asistencia considerable ás actividades planificadas polo CFR, tamén sabemos dunha bolsa de profesionais que se sente, total ou parcialmente, respondían ás nosas ofertas. Creo que non demos coa fórmula axeitada para lograr que ese profesorado que non participaba, non percibise como un lugar de encontro e de formación permanente".

Aínda así, mira o presente con satisfacción. "Hoxe temos unha educación de calidad". E basea esta afirmación dende a perspectiva que dá o tempo. "Eu puíden ver a evolución do sistema dende o 1963. A educación universalizouse e na actualidade gozamos dunha escola máis comprensiva, ampla e itineraria: dos 16 anos e son moitos os alumnos e alumnas que acceden ao bacharelato, púosen en valor a formación profesional e mellorouse a ratio, cando eu, durante 19 anos, lles impartín clase a grupos de 40 alumnos".

Tamén considera un logro de grande alcance, que a diversidade se fixese visible nas aulas ordinarias e que se dotasen de recursos humanos. "Hoxe a escola segue unha clara tendencia a ser cada vez máis inclusiva". Polo que respecta ás novas tecnoloxías, di que fixeron acto de presenza nos centros e que agora dispoñen de internet de banda ancha, ordenadores e encerados dixitais, "algo impensable hai ben poucos anos".

Cre que se está cambiando o concepto de profesor que só imparte materia, polo de educador que transmite valores, que atende á diversidade e que planifica de acordo coas necesidades dos seus alumnos. "Neste novo contexto –asegura– a formación continua cobra especial relevancia e o profesorado é cada vez máis consciente de que a súa traxectoria profesional require dunha aprendizaxe permanente".

As súas obras

Artigos

- "Estratexias de animación á lectura" (1991). Suplemento "La Voz de la Escuela", do 27 de febreiro. *La Voz de Galicia*.
- "Propostas indicativas de actividades para a Semana das Letras Galegas" (1991). Suplemento educativo de *El Ideal Gallego*, do 8 de maio, páx. 4.
- "10 preguntas sobre Femenio Bouza Brey" (1992). Suplemento "Pizarra" de *El Ideal Gallego*, do 22 de abril, páx. 4.
- "As bibliotecas escolares" (1992). Suplemento educativo "Pizarra" de *El Ideal Gallego*, do 20 de maio, páx. 4.
- "Marcos e a reforma" (1993). Suplemento "Escuela" de *El Progreso*, do 11 de febreiro, páx. 32.
- "Análise e valoración de materiais curriculares" (1995). *Revista Galega de Educación* número 24, xullo-agosto-setembro, páx. 59-63.
- "O lecer e a lingua oral" (1997). *Revista Galega de Educación* número 30, xullo-agosto-setembro-outubro, páx. 68-74.
- "As instrumentos para a valoración de materiais didácticos" (1994). *Revista Galega do Ensino* n.º 5, novembro, páx. 129-139.
- "El proyecto lingüístico de centros" (1997). *Revista Textos* n.º 13, xullo 1997, páx. 25-30.
- "Pensamentos arredor do novo decreto de normalización lingüística", (setembro, decembro, 2007). *Revista Eduga* n.º 51.

Libros

- *Proxecto educativo de centro: a normalización lingüística no FEC* (1993) Vigo, Xerais.
- *A formación continua do profesorado* (1994). Xornadas de Formación en Lingua Galega, pp. 347-351. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Política Lingüística.
- *O lecer e a lingua oral* (1996) Oleiros (A Coruña), Tambre.
- *O galego actual. Normas ortográficas-gramaticais da lingua galega* (1996) Oleiros (A Coruña), Nivola.
- *Para dicir e facer. Recursos didácticos para a educación infantil e 1.º ciclo* de Educación Primaria (2000). Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Política Lingüística.
- *Lingua e literatura galega*. Libros de texto de 5.º (2001) e 6.º (2002) de educación primaria. A Coruña, Ródero Edición.
- *A escola e os recursos das comunidades locais: patrimonio agrícola, natural e edificado* (2004). Torres Novas (Portugal), Centro de Formación de Torres Novas e Golegá (Portugal).

Imprimir páxina

O MÁIS VISTO COLABORA COA REVISTA OUTRAS SECCIONS

Accesibilidade do sitio web Investigación Arrenda EES - 2010-2011 One e Mediatuca Tribuna Blogs Lexicodación Hemeroteca Créditos da revista

Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema Educativo Cartas á directora

Experiencia, a rede europea de información sobre educación Foro

Descartación de aprendizaxe a través do xogo, OAMEP 2010

Entrepontos, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reintegrarse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos